

VI. ANUNCIOS

B) ADMINISTRACIÓN LOCAL

CONCELLO DA CORUÑA

ANUNCIO do acordo de suspensión cautelar de licenzas en ámbitos do plan parcial do SURT-2 S-10. Parque ofimático (expediente 631/2015/307).

A Xunta de Goberno Local, na sesión que tivo lugar o 5 de agosto de 2016, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

«Primeiro. Aprobar a proposta de suspensión cautelar de licenzas de parcelamento de terreos, edificación e demolición e do proxecto de urbanización, polo prazo dun ano, nos seguintes ámbitos do plan parcial do SURT-2 “Sector S-10. Parque ofimático”:

1. A totalidade do ámbito situado na marxe dereita da avenida de Lavedra (en sentido saída da cidade), constituída polo sistema viario VL-13, V-14 e VL-15, equipamento público escolar 4, espazos libres EL-3, EL-31, EL-32, EL-33 e EL-34, e parcela edificable Z-47, do plan parcial.

2. O treito da vía VL-13, correspondente ao paso sobre a avenida de Lavedra (excluída a rotonda).

Segundo a delimitación grafada no plano que se achega á presente proposta.

Segundo. Publicar o presente acordo de suspensión no *Diario Oficial de Galicia* e nun dos xornais de maior difusión da provincia, así como na páxina web do concello.

Terceiro. Notificar o presente acordo aos servizos municipais implicados na execución do planeamento».

Contra este acordo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, segundo dispoñen os artigos 10 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se considere pertinente.



O plano o que fai referencia o acordo pódese descargar na páxina web de Urbanismo www.coruna.es/urbanismo na epígrafe «Documentos en exposición pública».

A Coruña, 12 de agosto de 2016

O alcalde

P.D. (Decreto do 15.6.2015)

Xiao Varela Gómez

Tenente de alcalde da ÁREA de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda

CVE-DOG: y8tz9wp1-oy53-rt9-l0x7-se2qb3zrnvp9



XUNTA
DE GALICIA

ISSN1130-9229 Depósito legal C.494-1998 <http://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>